

## 1938: Un ano decisivo

**Pablo Barreiro Vilas**

*Profesor de Historia da Arte do IES Xunqueira 2*

Despois dos dous longos anos anteriores de loita cruel, e a pesar do que se cría no seu comezo, ninguén se atreve a dicir agora que a guerra civil está a piques de rematar. A súa influencia impregna todos os aspectos da vida, e chega incluso a traspasar as nosas fronteiras producindo unha corrente internacional de simpatía as veces bastante insólita, como a que, organizada por un clube ciclista británico, convocou unha longa viaxe a xeito de solidariedade co pobo español "en loita contra os invasores" e de protesta polos bombardeos criminais que causan a morte de nenos e mulleres.

A existencia de dous bandos con ideoloxías absolutamente antagónicas, a conciencia de que se está ante una auténtica guerra de supervivencia ou mesmo esta pegada global que o conflito vai ter na vida, facéndoa moito máis dura e difícil, vai provocar, na maioría dos casos deliberadamente, unha simplificación da realidade (máis correcta nun caso ca noutro por suposto) que automaticamente asocia diferenza e maldade.

Incluso nas páxinas dos semanarios infantís, que por entón abundan, a complexidade da guerra queda resumida nunha división do mundo entre bos e malos. Por iso, a infancia tamén vai ser, a pesar dalgúns intentos do bando gubernamental, campo de batalla.



Fig. 1

A toma de conciencia da importancia e a forza que pode ter unha imaxe é outra das ensinanzas tiradas destes anos de guerra. Ó longo deles vanse refinando os usos e os discursos, e ambos bandos fan amplo uso delas. Un caso, cando menos chocante, é o destes país da fig. 1, en aparencia bastante humildes, que ensinaron como xesto "gracioso" ó seu bebé o saúdo fascista. ¿Quizais un anticipo dos anos por vir?. Profundiza na liña do comentado anteriormente e por desgracia foi un exemplo moi abundante.

En realidade, neste ano 38 ambos bandos tiñan claro que a guerra aínda sería longa e que en caso de non gañala se enfrentaban á aniquilación total. De aí que o bando gubernamental buscase unha reorganización do exército, xa iniciada o ano anterior, (véxase o número 11 da revista) que crease combatentes máis profesionais: Oficiais e suboficiais de carreira que suplisen os voluntariosos pero pouco eficaces milicianos. Esta reorganización, rematada agora, foi claramente a razón básica que permitiu resistir un ano máis á república, e mesmo iniciar ambiciosas operacións como a reconquista de Teruel ou a batalla do Ebro.

Tampouco se deixou de lado a formación cultural pois moitas unidades chegaron a demandar que se lles enviasen libros de todo tipo.

Un bo exemplo, onde conflúen milicia e formación, vézmo na fig.2, unha sinxela cartilla do deseñador Mauricio Amster, que ensina ós novos combatentes (evidentemente antifascistas!) os rudimentos do cálculo.

Nela os proxectís conforman uns sinistros sumandos, mostra clara das novas unidades de intercambio que desde xullo do 1936 se implantaron no país. A imaxe resulta á vez moderna e moi impactante.

Europa se van repetir esceas semellantes.




Fig. 2

Como citamos arriba, durante este ano os bombardeos de obxectivos civís foron constantes por parte da aviación franquista (tamén nos anteriores, aínda que de xeito algo menos sistemático), case sempre apoiada por alemáns e italianos, que pretendían ensaiar unha "nova técnica bélica" que supostamente afundiría a moral e poría de xeonllos ás poboacións aterradas. Volverían a probalo de novo na segunda guerra mundial pero practicamente en ningún caso funcionou. Madrid foi un dos principais alvos e consérvanse moitas imaxes relacionadas con esas operacións terroristas que alteraban constantemente o decorrer da vida. Na fig. 3 un gran panel na Porta do Sol incita á saída da vila dos cidadáns, cousa que xa fixera dous anos antes o propio goberno cando se trasladou a Valencia.

Aínda así, non todos os habitantes das cidades bombardeadas querían (ou podían) marchar. Polo que moitos tiveron que padecer esta penosa situación durante longo tempo. Na fig. 4 vemos como unha das estacións das primeiras liñas de metro, inauguradas anos antes polo rei Afonso XIII, serve de improvisado lugar onde os refuxiados poden amorearse e descansar física e moralmente sequera unhas poucas horas. Por desgracia, moi pronto por toda



Fig.3

Como irónico contrapunto ó dramático da escea o mozo da esquerda, parece que inmune ó frío, mostra despreocupadamente o seu traseiro.

Por se fora pouco, outra causa de problemas tanto para as poboacións civís como para os combatentes eran as enfermidades. Principalmente nas cidades a situación de amontoamento que supuña a afluencia de refuxiados a degradación do sistema sanitario pola guerra provocaba moitos problemas. Un deles recóllese na fig 5, un cartel da sanidade militar que mostra ben as claras a preocupación que este tema causaba nas autoridades e mandos.



Fig. 4



Fig. 5

Tanto neste caso coma no dos bombardeos non parece ter existido diferenza algunha entre a fronte e a retagarda, teoricamente máis segura.

Así logo, moitos eran os problemas que marcaban a vida nestes anos. Sen esquecer tampouco dende logo a falta de subministros ou mesmo de comida, sobre todo no lado republicano xa que no bando franquista quedaran as principais zonas de produción cerealística, polo que en moitas zonas gobernamentais houbo que recorrer ó racionamento e chegou a pasarse fame. Ante esta situación, a resistencia a todo trance converteuse en obxectivo básico. "Resistir é vencer" foi o lema acuñado polo novo goberno de Negrín, que asociaba a salvación da república ó estoupido da previsíbel guerra mundial que se alviseaba no horizonte e fronte á que as democracias, por fin, se verían obrigadas a intervir. Nas imaxes e carteis de propaganda destes momentos vaise reflexar esa angustiada espera (non podería ser doutra maneira) entre outros recursos coa acuñación de slogans nos que están presentes principalmente os imperativos "Evítad", "Aguantad", "Combatid", etc.



Fig. 6

Con todo, mentres esa ansiada intervención das potencias democráticas non se producise, era crucial para o goberno, agora en Barcelona desde o outono do ano anterior, conservar as relacións cos poucos países que aínda axudaban á república, fronte ós crecentes subministros alemáns e italianos que lle chegaban a Franco. Estimuláronse así as relacións de todo tipo, mesmo as epistolares, editándose por exemplo tarxetas postais que honraban a México.

Outra modificación que merece destacarse foi a evolución que sufriu o papel da muller ó longo destes anos de guerra. No bando franquista foi sempre secundario, pero no republicano tivo gran importancia nos primeiros momentos, cando puido actuar, e mesmo combater, no mesmo plano que o home. Algunha acadou o grao de capitán. Sen embargo co paso do tempo e froito desa reorganización militar xa citada comezaron a ser apartadas da primeira liña e viron restrinxidas así súas ocupacións, fundamentalmente a conductoras ou sanitarias. E en moitos casos as súas condicións de vida foron incluso máis duras que as dos seus compañeiros.

Mentres tanto, no bando sublevado a chegada constante de novos materiais e os avances realizados nos últimos anos potencian unha mística da victoria. O ano vai mal para a república e, a pesar dos intentos máis ou menos indirectos que se fan, resulta impensable un armisticio ou unha paz negociada. Franco só acepta a rendición incondicional. Unha nova España "eterna", ultracristiá e militarizada se achega.

E como mostra sarcástica desta guerra sen cuartel édítase, camuflado baixo a inxenua aparencia dun xogo popular, esta lámina (figura 6) que fai fincapé no futuro triunfo e conquista de Madrid.

Por todo o citado a situación militar vaise progresivamente deteriorando para as forzas do goberno; neste ano 38 conseguen algunhas victorias defensivas pero en xeral apenas poden opoñerse ás tropas de Franco. No verán xa está claro que ou se proxecta unha gran batalla ofensiva ou Valencia e o Levante están perdidos, o que suporía o golpe de graza para a república. Así pois, na madrugada do 24 ao 25 de Xullo, aproveitando unha noite sen lúa, desencadéase a gran operación da guerra, a máis ambiciosa e sanguenta do conflito. Varias pontes se tenden por sorpresa sobre o río e iníciase un avance

de varios quilómetros nas liñas inimigas. Comeza a batalla do Ebro, a aposta final, desesperada, coa que o bando gobernamental pretende voltear a situación bélica, rompendo en dous a fronte franquista. Do seu resultado vai depender a sorte da guerra.

E nesta batalla pelexan por derradeira vez as brigadas internacionais, (véxanse números anteriores da revista) que a partir de setembro foron retiradas da fronte en base aos acordos do Comité de Non Intervención que pretenden a marcha de España de todos os combatentes estranxeiros. Convertíuse noutra gran burla pois se ben no bando republicano marcharon case todos, e eran tropas de elite moi necesarias, no lado franquista a maioría dos "agregados e colaboradores", sobre todo alemáns, continuaron actuando no país.

A situación foi incluso máis cruel por canto moitos dos brigadistas, logo dun desfile de agradecemento que se lles fixo en Barcelona o 15 de novembro, atopáronse con que non tiñan patria onde volver (o caso dos alemáns ou dos italianos, por exemplo) mentres que outros, coma estes americanos que se fotografían ao chegar ao porto de Nova York, foron considerados como mínimo "sospeitosos" a partir daquela.




Fig. 7